

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2014, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se modifica o anexo A da Resolución do 3 de febreiro de 2014 pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2014.*

Antecedentes de feito.

Primeiro. O 3 de febreiro de 2014, a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en Pontevedra aprobou a resolución da renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2014, publicada no DOG nº 33, do 18 de febreiro de 2014.

Segundo. Esta resolución recolle determinadas previsións relativas a este aproveitamento específico e, entre elas, prevé no anexo A a relación de embarcacións e membros participantes no Plan de aproveitamento da anguía no río Ulla para o ano 2014.

Terceiro. O Servizo de Planificación da Subdirección de Investigación e Apoio Científico-Técnico da Consellería do Medio Rural e do Mar propón, mediante informe do 7 de abril de 2014, determinadas modificacións relativas ao anexo A da Resolución do 3 de febreiro de 2014, con base na revisión dos antecedentes de plans anteriores. Estas modificacións que se propoñen non producen, en ningún caso, incremento no esforzo de pesca histórico no aproveitamento da anguía no río Ulla.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. A normativa de aplicación para a resolución deste procedemento vén determinada polo Decreto 130/2011, do 9 de xuño, polo que se regula a pesca profesional da anguía nas augas continentais competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como pola Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial de Galicia, e polo Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, aprobado polo Decreto 130/1997, do 14 de maio.

Segundo. O artigo 9 do Decreto 130/2011, do 9 de xuño, prevé que a resolución de renovación dun plan de aproveitamento específico de anguía corresponde ás xefaturas



territoriais con competencia en materia de pesca fluvial. En consecuencia, a competencia para modificación dunha resolución de renovación nesta materia corresponde igualmente ao dito xefe territorial.

Visto o expediente e de acordo co exposto dítase a seguinte

#### RESOLUCIÓN:

Modifícase a Resolución do 3 de febreiro de 2014 pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2014, cuxo anexo A queda redactado tal e como se recolle nesta resolución.

Esta resolución non esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Pontevedra, 19 de maio de 2014

José Luis Díez Yáñez  
Xefe territorial de Pontevedra

#### ANEXO A

#### Relación de embarcacións e membros participantes no Plan de aproveitamento da anguía no río Ulla para o ano 2014

Nome da embarcación	Matrícula	Membros participantes no plan
Curota	VILL-3-4-02	Manuel Vidal Alcalde Manuel Vidal Galbán
Paraná	VILL-3-12-96	José M. Figueira Deira
Peruco	VILL-3-9-98	Juan B. Vicente Romero Juan Francisco Vicente Patiño
Conde I	VILL-3-9902	Baltasar Rodríguez Alcalde Serafín Rubio Collazo
Xoana	VILL-3 <sup>a</sup> -13-92	Manuel Tembra Vilanova José Manuel Tembra Domínguez Cristina Cef Ordóñez



Nome da embarcación	Matrícula	Membros participantes no plan
Ángeles	VIII-3ª-10.128	José Manuel Pesado Romay Juan Gabino Campos Taibo Mª Carmen Portas Gago
Auxiliar Pesado	VILL 3ª - 8.707	Roberto Barreiro Pesado Gerardo Barreiro Pesado
Camba	VILL-3ª-9.952	Cándido Vidal Buceta Francisco Buceta Cascallar
Eu	VILL-3-10.223	Ramón Barreiro Blanco Mª Manuela Outeiral Fandiño
Gima	VILL-3ª-4.092	José Barreiro Blanco Carmelo Campos Taibo
Mª del Carmen	VILL-3ª-2.652	José Manuel Barreiro Portas Francisco Barreiro Portas
Nena Cuarta	VILL-3ª-9.756	Manuel Agrasar de Villanueva Ramón Agrasar de Villanueva
Tilocha	VILL-3ª-9.440	Antonio Pesado Romay Marcos Pesado Portas Iván Pesado Portas
Vicenta	VILL-3ª-10.156	Miguel Barreiro Blanco Miguel Ángel Campos Taibo
Tami Uno	VILL-3ª - 9-2-08	José Ángel Pesado Taibo Alejandro Pesado Taibo
Xurxo	VILL-3ª-8-91	José Manuel Diz Álvarez Mª Begoña Gerpe Jamardo
Espada	VILL-3- 9473	Jorge Rubio Collazo Paula Comojo Moares
Somos Dos	VILL-3-9651	Eloy Vidal Galbán

